



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@acapela.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE OUTUBRO DE 2013**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE  
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ  
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ  
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ  
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO  
D. FERNANDO VILAR DÍAZ  
D.<sup>a</sup> DELIA PAZ ARDAO

**SECRETARIO:**

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do vinte e seis de outubro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE AGOSTO DE 2013.**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta e un de agosto de dous mil trece.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández para manifestar que na moción presentada polo seu grupo na derradeira sesión non aparece reflexada na acta o parágrafo de encabezamento da mesma, que dí o seguinte : " D. José Seco Fernández con DNI 32 624 246 B, voceiro do Partido Popular nesta corporación e ó amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais".

Non se formulando ningún outro tipo de alegación, e sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de ( 7 votos a favor da aprobación da acta dos Sres. /Sras. Concelleiras dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE, AIAC e BNG- Mixto e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular acorda aprobar a acta da sesión anterior).

## **2.EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2013. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 4/2013 por importe de 8.500€, na modalidade de transferencia de créditos entre partidas do orzamento municipal vixente.

Os suplementos de créditos atenderán os gastos derivados das horas extras realizadas polo persoal laboral municipal, así como as cotizacións á seguridade social. Dí o Sr. Alcalde-Presidente que este asunto foi informado favorablemente na derradeira comisión informativa de asuntos do pleno, realizada o día dezoito de outubro de dous mil trece.

De seguido toman a palabra os voceiros dos Grupos municipais do Partido Popular, AIAC e BNG- Mixto, para remitirse ao dito na Comisión informativa municipal de asuntos do pleno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do concello por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 3/2013, debendo aplicar os suplementos de crédito, de acordo co seguinte cadro:

Capítulo	Consignac. Inicial	Exp. Incorporac. Remanente	Suplement	Transf. Negativas	Transf. Positivas	Total Consignación resultante
I Gtos Persoal	330.977,98€			-8.500,00€	8.500,00	330.977,98€
II Gtos en Bens Correntes	552.222,97€					552.222,97€
III Gtos Financeiros	0,00€					0,00€

IV Transf. Correntes	23.000,00€					23.000,00€
VI Investiment os Reais	373.257,12€					373.257,12€
VII Transf. de Capital	0,00€					0,00€
VIII Activos Financi.	0,00€					0,00€
IX Pasivos financieros	0,00€					0,00€
<b>TOTAL</b>	<b>1.279.457,97€</b>			<b>-8.500,00€</b>	<b>8.500,00€</b>	<b>1.279.457,97€</b>

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo consideraránse definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva de anuncio no BOP.

### **3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación, de que como consecuencia da renuncia aos seus postos de concelleiros de D. José Manuel Corral Bellas, e D. Juan Puentes Calvo que eran membros do Consello de Participación veciñal, é preciso cubrir as vacantes deixadas, polo que se propón o nomeamento de D. Javier Bouza Bermúdez e D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao.

A Comisión informativa de asuntos do Pleno realizada o derradeiro día dezoito de outubro dos correntes informou favorablemente por unanimidade dos seus membros asistentes á comisión este asunto.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para dicir que o seu grupo non vai cambiar o sentido

de voto na Comisión, pero que el a título persoal non entende o sentido ou criterio que segue o equipo de goberno para propor os nomeamentos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo xa levaba moito tempo solicitando estes nomeamentos aos efectos de que o Consello de participación veciñal puidera arrancar.

Remata a rolda de intervencións a voceira do Grupo mixto - BNG, para sulñar que se mostra leda por dar este paso e agarda que se poña en marcha o consello de participación veciñal e que serva para algo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Nomear membros do Consello de participación veciñal do Concello da Capela ao Sr. /Sra. Concelleiro/a D. Javier Bouza Bermúdez, e D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao en substitución de D. José Manuel Corral Bellas e D. Juan Puentes Calvo.

2º. Notificar o presente acordo aos interesados.

#### **4. RECTIFICACIÓN DO PADRÓN A 31.12.2012. DATOS NUMÉRICOS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente das cifras correspondentes ao padrón municipal de habitantes referidas a 31.12.2012 e que son as seguintes:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>TOTAL</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
Poboación de dereito a 1/1/2012	1.376	682	694
Alta desde 1/1/2012 ata 31/12/2012	35	23	12
Baixa 1/1/2012 ata 31/12/2012	45	24	21
Variacións por erro no sexo			
Altas	0	0	0
Baixas	0	0	0
Poboación de dereito a 31/12/2012	1366	681	685

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dí que se votan en falla políticas reais de asentamento da poboación, dí que o partido popular propuxo no seu día alternativas, pero que non se tomaron en serio, polo que dentro de pouco se segue esta tendencia o Concello da Capela deixará de selo.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dí que habería que tomar medidas para que a poboación non baixe, pero reconece que no actual momento de crise é difícil.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, dise que son sinxelamente datos numéricos e que o problema da baixada na poboación non se pode arranxar hoxe en sede plenaria.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.Único. Aprobar as cifras do padrón municipal de habitantes referido a 31.12.2012, de acordo co seguinte resumo numérico:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>TOTAL</b>	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
Poboación de dereito a 1/1/2012	1.376	682	694
Alta desde 1/1/2012 ata 31/12/2012	35	23	12
Baixa 1/1/2012 ata 31/12/2012	45	24	21
Variacións por erro no sexo			
Altas	0	0	0
Baixas	0	0	0
Poboación de dereito a 31/12/2012	1366	681	685

## **5. INFORME DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DO ORZAMENTO 2013. DAR CONTA.**

A petición do Sr. Alcalde-Presidente, polo Secretario da Corporación dase cumprida conta do informe trimestral de execución orzamentaria do segundo trimestre do exercicio 2013, todo elo ó abeiro do previsto na Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira e a orde HAP/ 2105/2012 do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración e de información previstas na citada lei.

Dí o Secretario - interventor do concello que con respecto ao segundo trimestre o concello cumpre cos parámetros da regra de gasto e de débeda, pero non así coa estabilidade orzamentaria, xa que existe un desvío que ascende á cantidade de 147.821,78€, que agarda que no terceiro trimestre diminúa e que se poida acadar a estabilidade orzamentaria ao peche o exercicio.

O Pleno da Corporación queda enterado.

## **6. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.**

Dase conta dos Decretos e resolucións da Alcaldía dende o día vinte e seis de agosto de dous mil trece ata o día dezoito de outubro de dous mil trece.

### **AGOSTO:**

- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 26.08.2013, concesión tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida concedida a D. David Seijo Pico.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.08.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.08.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 28.08.2013, aprobación gasto.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 28.08.2013, elaboración padron fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida e tratamento de RSU 3º trimestre 2013.

- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 28.08.2013, aprobación gastos totais imputables á actuación subvencionada e cumprimento da finalidade da subvención do Fondo de Compensación Ambiental 2013.
- **CONTRATAÇÃO:** Resolución da Alcaldía de data 28 de agosto de 2013, rescisión de contrato coa empresa Cotes e Nudos, S.L., pola explotación do Albergue de Turismo Rural do Barreiro.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 29.08.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.08.2013, aprobación facturas-pago.

### **SETEMBRO:**

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.09.2013, aprobación gasto.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 03.09.2013, sobre cambio de enderezo de José Juan Permuy Espiñeira, Dna. María Carmen Martínez Fraga, María Carmen Primoy Espiñeira e D. José Manuel Permuy Martínez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.09.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 06.09.2013, cambio de enderezo de María Belén Torrente Permuy, María Teresa Sanmartín Torrente, Estefanía Sanmartín Torrente e Gisela Fernández Sanmartín.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 09.09.2013, sobre desempeño funcións de Secretaría-Intervención Accidental polo funcionario Jesús Franco Rodríguez na ausencia do seu titular D. José Antonio Meizoso Paz.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 09.09.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 16.09.2013, concesión do período de vacacións a funcionaria municipal Dna. Josefina Fernández Ferreira dende o día 23 setembro ata 16 de outubro 2013 (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 16.09.2013, aprobación gasto.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.09.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 23.09.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 24.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 26.09.2013, concesión licenza urbanística a D. Antonio Calvo Arnosos para obras de “Conservación e mantemento: Cambio de cubrición da cuberta dunha edificación existente”, no lugar de Os Enxertados.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 27.09.2013, concesión do día 1 de outubro de 2013, á Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.09.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.09.2013, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 27.09.2013, solicitude subvención ó abeiro da orde do 13 de agosto de 2013, para espazos declarados como parques naturais na Comunidade Autónoma de Galicia para “Acondicionamento e mellora da ruta de sendeirismo circular do Mirador de Teixido” e “Acondicionamento e mellora da ruta de sendeirismo do camiño vello, no Concello da Capela”.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.09.2013, aprobación gasto.

## **OUTUBRO:**

- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 02.10.2013, concesión licenza de obras a MARISCOS RIOBÓ, S.L., para “Acondicionamento dun local existente para oficinas máis acondicionamento de aparcadoiro exterior e instalación dun grupo electrógeno”, no lugar de Formariz-Cabalar.



- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.10.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.10.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.10.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 07.10.2013, aprobación gasto.
- **OBRAS E SERVIZOS:** Resolución da Alcaldía de data 07.10.2013, aprobación certificación número un da obra “Ampliación da rede de saneamento en As Neves-Os Picos”, incluída no POS-2013.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.10.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 08.10.2013, concesión licenza urbanística a GANDEIRÍA O PINAR, S.C., para “Ampliación nave gandeira e ampliación pozo de purín”, no lugar de Sande.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 09.10.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de María Teresa Rodríguez Pérez, no lugar de Pazo , 11.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 09.10.2013, concesión de licenza urbanística a D. David Rodríguez Sanmartín para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento dunha vivenda unifamiliar existente”, no Poboado do Eume.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 09.10.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. Josefina Rodríguez Arnoso, para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento dunha vivenda unifamiliar existente”, no lugar de Mourente.
- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 11.10.2013, concesión de licenza de Primeira Ocupación para a Vivenda Rehabilitada por Dna. Rosario Cuba Penabad e D. Manuel Seijo Sabín, no lugar de Porcar, 3.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 11.10.2013, ordinar remisión ó Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Ferrol, da copia do expediente do procedemento ordinario número 0000172/2013, interposto por D. Juan Luis Redruello Nieto (DOMOCYR, S.L.), contra resolución da Alcaldía de data 27 de maio de 2013.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 14.10.2013, persoamento e comparecencia no Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1 de Ferrol, en recurso de procedemento ordinario número 0000172/2013, interposto por D. Juan Luis Redruello Nieto (DOMOCYR, S.L.), contra resolución da Alcaldía de data 27 de maio de 2013.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.10.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.10.2013, aprobación facturas-pago.
- **RÉXIME INTERIOR:** Resolución da Alcaldía de data 14.10.2013, autorización celebración XIMKANA os días 26 e 27 de outubro de 2013, nas proximidades do lugar do Alto da Serra pola Comisión de Festas de Sande 2014.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 14.10.2013, sobre participación na convocatoria da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que regula o Plan Marco do Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.10.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 16.10.2013, aprobación facturas-pago.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 17.10.2013, participación nos programas que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.10.2013, aprobación facturas-pago.

O Pleno queda enterado.

## **7. MOCIONS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

Non se presentou ningunha moción para debate e votación.

## **8. ROGOS E PREGUNTAS.**

Dase conta do rogos presentados pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, que copiada literalmente di:

PRIMEIRO.

Referente á pregunta que formulei como portavoz do BNG deste concello no último Pleno Ordinario do mes de xuño en relación ó camiño de San Boulo, e unha vez consultadas ás dúas persoas que se nomean, como aparece reflexado

na acta de dito Pleno, teño a certeza de que o que o Sr. Alcalde manifesta non é verdade.

No anterior equipo de goberno tanto o tenente de Alcalde, Xan Puentes, como o concelleiro de obras Fernando Fernández, entrevistáronse persoalmente e a través de chamadas telefónicas que foron realizadas en moitas ocasións dende a casa do concello, tendo constancia de isto o persoal do mesmo, co propietario dos terreos en cuestión. Despois de recibir varias veces por resposta mentiras e evasivas, foi cando se decidiu presentar unha moción para a expropiación do terreo que foi aprobada por este Pleno pero non executada a día de hoxe.

Esta cuestión xa foi explicada polo ex concelleiro Xan Puentes en sesión plenaria, en varias ocasións nesta lexislatura. Por todo o exposto, rógoles:

1. Que se absteña o Sr. Alcalde de nomear a persoas alleas a corporación sen ter a certeza absoluta de que o que manifesta se axusta totalmente á realidade.
2. Que se proceda á rectificación da acta no referente ó exposto anteriormente.
3. Que realmente se tome en serio a necesidade de abrir este paso e que se proceda a executar tanto as negociacións como a expropiación se é necesario.

Dí a voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, que máis que un rogo é unha explicación da información da que dispón sobre este asunto, xa que a realidade é distinta da manifestada polo Sr. Alcalde na súa resposta nun pleno anterior, polo que quere deixar constancia do mesmo.

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que a concelleira do Grupo Mixto - BNG, estaóo acusando de mentiroso.

Pola concelleira aludida dise que recibiu unha resposta por parte do Alcalde que non era verdade.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que non hai inconvinte en chamar á xente implicada e aclaralo.

SEGUNDO.

Dada a actual situación e total falta de información do equipo de goberno:

1. Plan Xeral de Ordenación Municipal

1. Rógolle ó Sr. Alcalde encarecidamente que convoque de xeito urxente a todos os Concelleiros e o equipo redactor do PXOM para unha xuntanza con ánimo de aclarar o actual estado de desinformación a cerca deste tema.
2. Rógolle que posteriormente convoque as xuntas informativas, ás que vostede se comprometeu e que levo reclamando dende a miña incorporación, nas distintas parroquias do concello para a informar ós vecinos e rematar coa actual incertidume especulativa.

Polo Sr. Alcalde-presidente dí que se atende o rogo

## **2. Copago sanitario.**

Dada a inminente elaboración dos presupostos do 2014:

Rógolle que se destine unha partida económica de cara ó copago sanitario dos doentes crónicos.

Polo Sr. Alcalde-presidente dí que se atende o rogo

## **PREGUNTAS:**

**Dase conta pola voceira do Grupo Mixto - BNG, das seguintes preguntas :**

1. Mencionouse en varios Plenos xa, a Normativa de Participación Cidadá, e o Sr. Alcalde sempre respostou que faltaba o nomeamento dunha persoa como representante municipal, e que él mesmo ten que propoñer.

A risco de parecer pesada, e considerando éste un tema de vital importancia de cara ós veciños, asociacións e representantes políticos, pódeme explicar as verdadeiras razóns polas que esta Normativa non se pon en marcha levando máis de dous anos aprobada?

Dase por contestada.

2. Na última Comisión Informativa informóusenos por parte do Sr. Alcalde a posibilidade da paralización do proxecto de modificación do PXOM, ou en todo caso, de eliminar moitas das propostas nas que estivo a traballar o equipo redactor. Cando remata o prazo para presentar dita modificación?

O equipo redactor ten a obriga de coñecer a normativa vixente; nas xuntas previas as que asistimos mencionamos que se limitaban as áreas de expansión dos núcleos de 200 a 50 m., obviándoo tanto o equipo redactor coma o equipo de goberno. Qué responsabilidade contractual ten Concello con respecto ó equipo redactor no suposto de que se paralice a modificación? Cando ten pensado o Sr. Alcalde dar comezo ás xuntas informativas de cara ós veciños as que se referiu na última Xunta de Portavoces?

Resposta o Sr. Alcalde - Presidente que o equipo redactor coñece a normativa vixente igual que a Xunta de Galicia, dí que na nova normativa non existe a figura das áreas de expansión e que o PXOM que saia do concello para a súa aprobación pola Xunta vai a ser por acordo de todos os membros da corporación municipal.

Cuestión distinta é que a Xunta queira aprobar ou non o documento remitido, con respecto ás modificacións dí que no seu día na primeira reunión que houbo na Dirección Xeral de urbanismo se lles dixo que non había límite ás modificacións.

1. Rede de saneamento. O novo tramo da rede de saneamento que se está a construír na actualidade, atravesa varias parcelas privadas:

Dispón o Concello das autorizacións e cesións correspondentes por escrito?

A área de expansión que está pendente da modificación do PXOM, no lugar de Os Picos, terá acceso ó enganche a este tramo da rede de saneamento?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que constan no expediente as autorizacións e que estima que sí se poderá enganchar o día de mañá os propietarios das fincas.

2. Puiden observar que os traballadores do concello estiveron estes días pasados no lugar de A Ribeira. Cal é a finalidade das obras que se están a realizar?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que non se está a facer ningunha obra na Ribeira, que o que facían os traballadores do Concello era cargar pedras para unhas escolleras que se fixeron en Portobarreiro e na Ponte da Brea.

3. O Sr. Alcalde informou na última Comisión informativa que un acredor ten unha débeda de aproximadamente 15.000 € co Concello. Manifestou así mesmo que, que esta deuda vai ser saldada con contraprestacións non

económicas.

Cal é o prazo do que dito acreedor dispoñe para saldar a deuda ?

Como se contempla isto a nivel contable no Concello? É legal?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que nunca dixo que se ía saldar toda a débeda con contraprestacións, xa que queda unha parte importante por cobrar, que se negociará coa empresa debedora.

4. Museo Etnográfico.

Como socia do Museo Etnográfico deste concello, estou informada de que os dous representantes do Concello no mesmo, ocupando o cargo de Presidente e Tesoureiro, foron retirados segundo lle comunicou ó Patronato o Sr. Alcalde por escrito.

Pódenos explicar o Sr. Alcalde os motivos desta decisión?

Ten pensado propoñer outros dous representantes?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que a decisión de deixar o padroado foi persoal tanto por parte súa como da Sra.D.<sup>a</sup> Marina Bouza Couce; tense pensado nomear representantes para o cal virá o asunto ao pleno por sí algún concelleiro ou concelleira quere ser representante do concello no citado padroado.

5. Portal das Fragas. Pasados cinco meses dende a súa inauguración, e precisamente nas datas de maior nas datas de maior afluencia de turistas ó concello, seguimos sen sinalización algunha pa encontrar a súa localización.

Cal é o motivo?

Que previsión ten o equipo de goberno con respecto a este tema?

Que afluencia tivo a nivel mensual, e cal é o numero de visitantes totais a día de hoxe?

A empresa Ventureira que contraprestación mensual recibe polos seus servicios?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que está solicitada subvención á Consellería correspondente tanto para a sinalización do portal como as rutas de sendeirismo do Concello. En canto aos visitantes, dí que aproximadamente unhas mil persoas pasaron polo portal dende a súa inauguración, e que a empresa que xestiona o mesmo ten contrato ata decembro de dous mil trece, e págaselle a cantidade de mil douscentos euros á empresa, non a cada persoa, agás os meses de outubro, novembro e decembro que son sobre catrocentos euros.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, pregúntase "in voce" sobre o caso da denuncia da licenza urbanística de Domocyr .

A petición do Sr. Alcalde-Presidente polo Secretario da corporación dise que o concello outorgou licenza urbanística á citada empresa no ano 2007, para obras no lugar da Barbela, con posterioridade e como consecuencia de denuncia dun particular a Axencia de protección da legalidade urbanística abreulle expediente de disciplina urbanística por non axustarse na legalización das obras á licenza outorgada.

Recentemente pola empresa Domocyr S.L., presentouse un recurso contencioso-administrativo contra o concello pola denegación da declaración de nulidade da licenza urbanística outorgada, o asunto está actulamente no xulgado do contencioso - administrativo número 1 de Ferrol.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase "in voce" sobre as goteiras que hai no local dos partidos políticos e que é preciso arranxar.

Respóstalle o SR. concelleiro de obras, D. Jaime Barcia Rodríguez, que está enterado dese problema, e que estará arranxado en canto o tempo o permita.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

Manuel Meizoso López

**O Secretario,**

José A. Meizoso Paz